



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1962/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de outubro de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezasete de outubro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña e a xefa do Servizo de Asesoramento, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1/781).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 10 de outubro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(782).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO . EXPTE. 24490/333.

Visto o informe de fiscalización de data 13/10/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 9/10/2025, que di o seguinte:

S.ord.17/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 1 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RUNRUNVIGO (24490-333) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RUNRUNVIGO (24490-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de xullo de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación para a prestación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RunRunVigo na cidade de Vigo.

Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RunRunVigo na cidade de Vigo, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 21.02.25.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola xefa da área de contratación e novos proxectos do Concello de Vigo con data 09.07.25.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de 11.332,32 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 2.379,79 € o cal totaliza un importe de 13.712,11 € con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 2 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1962/1102

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2026	11.332,32 €	2.379,79 €	13.712,11 €
Totais	11.332,32 €	2.379,79 €	13.712,11 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida que se detalla e a bolsa de vinculación:

3410	226.09.01	Organización de actividades deportivas
------	-----------	--

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 12 de setembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito RUNRUNVIGO (24.490-333) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TEAM RELAY, SL	97.00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TEAM RELAY, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TEAM RELAY, SL, o día 12 de setembro de 2025, que presenta a documentación requirida o 24 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 2 de outubro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda

S.ord.17/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 3 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

outorgar un prazo de 3 días naturais a TEAM RELAY, SL para que puidera emendar a documentación relativa aos Anexos IV e V do PCAP. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura o obxecto social da mercantil e o nomeamento do seu representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (9.598,48 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (9.598,48 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Xustificante de autoliquidación por un importe de 566,62 € que cobre a garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de outubro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TEAM RELAY, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 4 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1962/1102

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TEAM RELAY, SL, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de data 1 de setembro de 2025 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 11 de setembro de 2025, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a TEAM RELAY, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito RUNRUNVIGO (24490-333) por un prezo total do contrato de 13.712,11 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.379,79 euros e coas seguintes condicións:

- a) A baixa proporcional única é do 26 % a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.
- b) Os servizos complementarios propostos son os seguintes:
 - Zona de control intermedio complementario en todas as probas.
 - Monitor de seguimento de clasificacións na zona de chegada de cada proba cun tamaño mínimo de 55”.
 - 5 Mailing masivos de promoción de carreiras pedestres ou eventos en vía pública a celebrar na cidade de Vigo organizados ou con participación municipal non incluídos no programa RunRunVigo.
 - Ampliación do prazo de inscrición de corredores ata 48h previas á celebración do evento nos casos que se solicite.
 - Enlace directo no contorno web da empresa ás principais redes sociais dos organizadores de cada unha das probas e do Concello de Vigo.
- c) A porcentaxe de desconto é do 21 % a aplicar ao prezo sinalado na cláusula 5 do PPT para o alugueiro de chip desbotable ou non reutilizable ás entidades organizadoras de cada unha das probas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

S.ord.17/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 5 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(783).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PROFESIONAIS DE AUDITORÍA, EN COLABORACIÓN COA INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL, PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA E CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIÓNS PROGRAMADAS DENTRO DOS PLANS ANUAIS DE CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS E ENTIDADES DEPENDENTES. EXPTE. 103028/140.

Vistos os informes de fiscalización de data 14/10/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 9/10/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos profesionais de auditoría en colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións programadas dentro dos plans anuais de control financeiro do Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (103028-140) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos profesionais de auditoría en colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións programadas dentro dos plans anuais de control financeiro do Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (103028-140)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de xullo de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, da Contratación da prestación dos servizos profesionais de auditoría en colaboración coa IXM parra a realización de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 6 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1962/1102

actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións programadas dentro dos Plans Anuais de Control financeiro.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 20 de xuño de 2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares redactado e asinado pola Viceinterventora adxunta e asinado polo Interventor Xeral en data 27 de maio de 2025.

Cuarto.- Aprobar o gasto por importe de 99.303,80€ (IVE incluído 17.234,54€) necesario para a execución do contrato de "Servizos profesionais de auditoría en colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización de actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións programadas dentro dos Plans Anuais de Control Financeiro", con cargo á aplicación orzamentaria 9310.2270600 "Elaboración de auditorías", conforme a seguinte distribución por anualidades:

	2025	2026
subtotal lote 1	19,348.62 €	19,348.62 €
subtotal lote 2	23,377.24 €	23,377.24 €
subtotal lote 3	7,387.59 €	6,464.78 €
Total	50,113.45 €	49,190.64 €
principal	41,416.07 €	40,653.42 €
IVE	8,697.38 €	8,537.22 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 12 de setembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 11 de setembro de 2025 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por BM AUDITORES, SLP neste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos profesionais de auditoría en colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións programadas dentro dos plans anuais de control financeiro do Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (103.028-140) na seguinte orde descendente:

- Lote 1

S.ord.17/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 7 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

	Licitador	Puntuación total
1	BM AUDITORES, SLP	82.02
2	K4 AUDITORES, SLP	59.25

- Lote 2

	Licitador	Puntuación total
1	K4 AUDITORES, SLP	89.35

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BM AUDITORES, SLP (Lote 1) e K4 AUDITORES, SLP (Lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscripción dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP e a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BM AUDITORES, SLP (Lote 1) e K4 AUDITORES, SLP (Lote 2), o día 15 de setembro de 2025, que presentan a documentación requirida os días 18 e 25 de setembro de 2025, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 2 de outubro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, a Mesa acordou outorgar un prazo de 3 días naturais a K4 AUDITORES, SLP (Lote 2) para que puidera emendar a documentación relativa á acreditación da solvencia económica e financeira.. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- BM AUDITORES, SLP (Lote 1)

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura o obxecto social, o poder de representación e os certificados positivos de débedas coa AEAT, TXSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 8 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1962/1102

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (20.971,41 €), presentan as contas. do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (20.971,41 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato e da habilitación profesional esixidos nos apartados 5F e G do Anexo I -FEC- do PCAP, respectivamente.
- Xustificante de autoliquidación por un importe de 1.140,00 € que cobre a garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

- K4 AUDITORES, SLP (Lote 2)

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura o obxecto social, o poder de representación.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (25.337,91 €), presentan as contas. do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (25.337,91 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2025 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato e da habilitación profesional esixidos nos apartados 5F e G do Anexo I -FEC- do PCAP, respectivamente.
- Xustificante de autoliquidación por un importe de 1.900,00 € que cobre a garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de outubro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

S.ord.17/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 9 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar BM AUDITORES, SLP (Lote 1) e K4 AUDITORES, SLP (Lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosas para a administración contratante son as formulada por BM AUDITORES, SLP (Lote 1) e K4 AUDITORES, SLP (Lote 2), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 4 de agosto e 2 de setembro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Adxudicar a BM AUDITORES, SLP o Lote 1 do procedemento aberto para a contratación dos servizos profesionais de auditoría en colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións programadas dentro dos plans anuais de control financeiro do Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (103028-140) por un prezo total do contrato de 27.588,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.788,00 euros e coas seguintes condicións:

- a) Propón a seguinte experiencia do persoal para adscribir ao contrato superior a mínima esixida no apartado 5F da FEC do PCAP:*
- Experiencia do auditor/a coa categoría de xefe de equipo por enriba do mínimo esixido (10 anos en traballos de auditorías): 15 anos.*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 10 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1962/1102

- *Experiencia do axudante de auditoria por enriba do minimo esixido (5 anos en realizacion de auditorias):5 anos*
- b) *Declara que o persoal para adscribir ao contrato posúe a seguinte formación específica nas seguintes materias relacionadas coa normativa de aplicación as Entidades Locais:*
 - *Normativa en materia de Facendas Locais, réxime financeiro e orzamentario contabilidade publica local ou tesoureira: 37 horas.*
 - *Normativa en materia de control interno das AAPP, control financeiro e/ou auditoría do sector publico 6 horas.*

Segundo.- Adxudicar a K4 AUDITORES, SLP o Lote 2 do procedemento aberto para a contratación dos servizos profesionais de auditoría en colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións programadas dentro dos plans anuais de control financeiro do Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (103028-140) por un prezo total do contrato de 45.980,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.980,00 euros e coas seguintes condicións:

- a) *Propón a seguinte experiencia do persoal para adscribir ao contrato superior á mínima esixida no apartado 5F da FEC do PCAP:*
 - *Experiencia do auditor/a coa categoría de xefe de equipo por enriba do mínimo esixido (10 anos en traballos de auditorías): 25 anos*
 - *Experiencia do axudante de auditoría por enriba do mínimo esixido (5 anos en realización de auditorías): 15 anos*
- b) *Declara que o persoal para adscribir ao contrato posúe a seguinte formación específica nas seguintes materias relacionadas coa normativa de aplicación ás Entidades Locais:*
 - *Normativa reguladora da contratación administrativa (60) horas*
 - *Normativa en materia de Facendas Locais, réxime financeiro e orzamentario, contabilidade pública local ou tesourería (60) horas*
 - *Normativa en materia de control interno das AAPP, control financeiro e/ou auditoría do sector público (220) horas*
 - *Normativa reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (40) horas*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord.17/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 11 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4(784).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA PARTICIPACIÓN E ORGANIZACIÓN DE “CAMPIONATOS DE ESPAÑA EN CATEGORÍAS DE FORMACIÓN”. EXPTE. 24493/333.

Visto o informe xurídico de data 3/10/2025 e o informe de fiscalización do 7/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 2/10/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1- ANTECEDENTES:

1.1.- Vista a proposta do 17.09.25 (Subsanada con data 02.10.25) da comisión de valoración (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro Delegado de Deportes, o Xefe de servizo-director deportivo do servizo de deportes, e o Técnico deportivo do servizo de deportes, como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que importe destinado a estas subvencións distribuirase entre entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior. Se o crédito dispoñible fora insuficiente, os importes das subvencións reduciranse proporcionalmente ata axustalo ó mesmo en cada unha das liñas de subvención.

2.- SOLICITUDES PRESENTADAS:

2.1.- A esta convocatoria presentáronse un total de 9 entidades, das que se admitiron 8 ao cumprir cos requisitos establecidos na base 5ª, e se propón o rexeitamento dunha, por non cumprir cos requisitos da mesma.

Da documentación avaliada pola comisión de valoración se desprende que as entidades admitidas, detalladas no anexo I, cumpren cos requisitos da convocatoria establecidos na base quinta.

2.2.- A comisión de valoración das solicitudes presentadas comprobou e acreditou ademais a vixencia e validez dos documentos acreditativos de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo, coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 12 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1962/1102

2.3.- No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso.

2.4.- No anexo II relaciónanse as solicitudes rexeitadas e a motivación do rexeitamento.

En cumprimento do disposto na base 14^a das bases da convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola participación e organización das fases finais dos campionatos de España de deporte Federado nas diferentes categorías de formación, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar as subvencións entre as entidades relacionadas segundo consta no Anexo I, por un importe total de 21.432,88€, con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.18 (Liña 1) do orzamento do 2025, correspondentes á resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola participación e organización das fases finais dos campionatos de España de deporte Federado nas diferentes categorías de formación.

Segundo.- Rexeitar as solicitudes de subvención detalladas no anexo II, segundo as motivacións descritas, por non cumprir os requisitos da convocatoria.

Terceiro.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord.17/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 13 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCIONS ACADADAS POLAS MESMAS NA “CONVOCATORIA SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO POLA PARTICIPACION E ORGANIZACION DE “CTOS. DE ESPAÑA EN CATEGORIAS DE FORMACION

LIÑA 1: CTOS. DE ESPAÑA FORA DA CIDADE DE VIGO														
	EXPEDIENTE	ENTIDADE	CIF	MODALIDADE	NOME DA COMPETICIÓN	CATEGORÍA DOS PARTICIPANTES	N.º PARTICIPANTES	LUGAR DE CELEBRACIÓN	IMPORTE MÁXIMO SUBVENCIÓN (2,3 da base 8ª)	ORZAMENTO GASTOS	IMPORTE SOLICITADO	%FINANCIAMENTO MUNICIPAL SOLICITADO	IMPORTE SUBVENCIÓN MÁX. 50% ORZAMENTO	IMPORTE FINAL CON LÍMITE BASE 8ª
1	24952-333	CLUB VIGO VOLEIBOL	G36658219	VOLEIBOL	CAMPIONATO DE ESPAÑA JUNIOR	JUNIOR	14	ALMENDRALEJO (BADAJOZ)	2.500,00 €	5.338,50 €	3.000,00 €	56,20 %	2.669,25 €	2.500,00 €
2	24953-333	CLUB DE ESGRIMA EL OLIVO	G36869873	ESGRIMA	CAMPIONATO DE ESPAÑA 2025 CADETE	CADETE	8	SORIA (CASTILLA LEÓN)	2.500,00 €	1.445,11 €	1.445,11 €	100,00 %	722,56 €	722,56 €
					CAMPIONATO DE ESPAÑA JUNIOR	JUNIOR	8	VALLADOLID (CASTILLA LEÓN)	5.000,00 €	2.119,84 €	2.119,84 €	100,00 %	1.059,92 €	1.059,92 €
3	24957-333	CLUB DEPORTIVO BOSCO	G36692317	BALONCESTO	CAMPIONATO DE ESPAÑA JUNIOR FEMININO	JUNIOR	15	HUELVA E PUNTA UMBRÍA (ANDALUCÍA)	2.500,00 €	13.400,00 €	2.500,00 €	18,66 %	6.700,00 €	2.500,00 €
					CAMPIONATO DE ESPAÑA CADETE FEMININO	CADETE	15	SAN ROQUE-ALGECIRAS-LA LINEA (ANDALUCÍA)	2.500,00 €	10.247,00 €	2.500,00 €	24,40 %	5.123,50 €	2.500,00 €
4	24961-333	CLUB KAYAK VIGO	G36978559	PIRAGUISMO	CAMPIONATO DE ESPAÑA DE KAYAK DE MAR	INFANTIL-CADETE-XUVENIL	15	DENIA (COMUNIDAD VALENCIANA)	2.500,00 €	5.606,84 €	2.500,00 €	44,59 %	2.803,42 €	2.500,00 €
5	24962-333	CÍRCULO C. MERCANTIL VIGO	G36614097	TENIS	CAMPIONATO DE ESPAÑA MAPFRE TENIS	CADETE	13	TERRASSA (CATALUÑA)	2.500,00 €	2.300,80 €	1.725,80 €	75,01 %	1.150,40 €	1.150,40 €
6	24963-333	ESC. DEPORT. VIGO 2015	G36982239	FÚTBOL SALA	CAMPIONATO DE ESPAÑA CADETE	CADETE	10	MÓSTOLES (MADRID)	2.500,00 €	2.000,00 €	1.500,00 €	75,00 %	1.000,00 €	1.000,00 €
7	24965-333	CLUB FLIC-FLAC	G36931582	XIMNASIA ACROBÁTICA	CAMPIONATO DE ESPAÑA BASE	ALEV-INFANT-JUNIOR	25	ARMILLA(ANDALUCÍA)	2.500,00 €	8.350,00 €	3.000,00 €	35,93 %	4.175,00 €	2.500,00 €
					CAMPIONATO DE ESPAÑA	ALEV-INFANT-CADETE-JUV-PREJUNIOR-JUNIOR	24	ARMILLA(ANDALUCÍA)	2.500,00 €	8.198,00 €	3.000,00 €	36,59 %	4.099,00 €	2.500,00 €
8	24966-333	CLUB NOVOBASKET VIGO	G27791474	BALONCESTO	CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CLUBS INFANTIL	INFANTIL	12	HUELVA E PUNTA UMBRÍA E PALOS (ANDALUCÍA)	2.500,00 €	5.100,16 €	2.500,00 €	49,02 %	2.550,08 €	2.500,00 €
													TOTAL	21.432,88 €

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLA COMISIÓN DE VALORACIÓN ENCARGADA DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á “CONVOCATORIA SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO POLA PARTICIPACION E ORGANIZACION DE “CTOS. DE ESPAÑA EN CATEGORIAS DE FORMACION”.

- Por non cumprir co requisito de participación mínima establecida no apartado 1.1 da liña 1 da base 7ª:

ENTIDADE	CIF	EXPEDIENTE	MODALIDAD.	NOME DA COMPETICIÓN	CATEGORÍA DOS PARTICIPANTES	N.º PARTICIP.
CLUB FREESTYLE SLALOM VIGO	G27722305	24964-333	PATINAXE LIÑA	CTO. ESPAÑA PISTA	INF-XUV	5
				CTO. ESPAÑA CIRCUÍTO	ALEV-INFANT-XUV	7



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 14 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



5(785).- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN DE FESTIVAIS E INICIATIVAS SOCIAIS NOS CENTROS DOCENTES DE VIGO. EXPTE. 98998/332.

Sométese a aprobación o informe proposta de data 9/10/2025, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 1 de agosto de 2025 adoptou entre outros os seguintes acordos:

“Primeiro: Aprobar as Bases reguladoras, a Convocatoria e o Extracto da mesma para a concesión de subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de festivais e iniciativas sociais nos centros docentes de Vigo, que se achegan ao expediente.

Segundo: Aprobar o gasto por importe total de 25.000,00 (vinte e cinco mil) euros, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0002 “Actividades extraescolares” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2025.”

Incorpórase ao expediente 98998/332 o contido da acta da xuntanza mantida pola Comisión de Seguimento celebrada en data 9 de outubro de 2025, coa finalidade de emitir unha proposta de resolución para a concesión das Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de festivais e iniciativas sociais nos centros docentes de Vigo.

Faise constar que da información que obra no seu poder despréndese que todos os centros educativos solicitantes cumpren cos requisitos esixidos para acceder a estas subvencións (Base 4C).

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e coa base 10.3 das que rexen este procedemento.

Á vista do anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Conceder ás seguintes entidades solicitantes as Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de festivais e iniciativas sociais nos centros docentes de Vigo (expte 98998/332), polos importes que se indican:

Centro educativo solicitante	CIF	Proxecto	Importe concesión
CEIP Seis do Nadal	S8600059C	O circo do Seis	2.000,00 €
CEIP Vicente Risco	S8600060A	Son das Flores	1.995,49 €
CPR Amor de Dios	G44592293	Festas do Colexio	2.000,00 €
CEIP Virxe do Rocío	S8600039E	80 anos facenda escola en Bouzas	2.000,00 €
CEIP Paraixal	S8600050B	De festa en festa	1.671,98 €
CPR Labor	B36824431	Festival audiovisual y teatral de la Semana Europea	2.000,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 15 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CPR Divino Salvador	B27737410	Xornada na horta	1.861,18 €
CEIP Valle Inclán	S8600021C	Excursións	2.000,00 €
IES Carlos Casares	Q8655403G	Árbores do Casares	2.000,00 €

Segundo.- Dispoñer a publicación da relación de subvencións concedidas na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org e no portal de transparencia, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP. Así mesmo, remitiranse as subvencións concedidas á Base de Datos Nacional de Subvencións, con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Terceiro.- Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á publicación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPACAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(786).- APROBACIÓN INICIAL DO DOCUMENTO DE REVISIÓN DO PLAN DE ACCIÓN CONTRA O RUÍDO DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2024, FASE 4ª. EXPTE. 18955/306.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/10/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, o xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1.- A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de facer un Mapa Estratéxico de Ruído que permita unha avaliación global da exposición á contaminación acústica dun territorio e poboación, realizar predicións globais, posibilitar a adopción fundada de plans de accións e medidas correctoras axeitadas.

As ditas normas, tamén, establecen a obrigatoriedade de facer os plans de acción nos ámbitos do mapa de ruído, co obxecto de afrontar globalmente as cuestións concernentes á contaminación acústica, determinar accións prioritarias para acadar os obxectivos de calidade acústica e protexer as zonas contra o aumento da contaminación acústica.

2.- A disposición adicional primeira da citada Lei 37/2003, do 17 de novembro, establece a obriga de aprobar os mapas de ruídos, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 30/06/2007, e os plans de accións antes do 18/07/2008.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 16 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Tamén, os artigos 16 e 24 da dita lei establecen a obriga de revisar e, no seu caso, modificar os mapas de ruído e os plans de acción cada cinco anos dende a data da súa aprobación.

3.- Mapa Estratéxico do Ruído do Concello de Vigo e as súas revisións:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data do 10/03/2008, aprobou o Mapa Estratéxico de Ruído de Vigo, redactado pola sociedade mercantil Labein, S.L. por encargo da Concellería de medio Ambiente do Concello de Vigo, expte. 5381/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 08/08/2013, aprobou definitivamente a revisión do Mapa Estratéxico de Ruído de Vigo, expte. 9387/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 06/09/2018, aprobou definitivamente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3, expte. 13339/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 08/09/2022, aprobou definitivamente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, expte. 15859/306.

4.- Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo e as súas revisións:

A Xunta de Goberno Local en sesión do 23/11/2009, tomou coñecemento do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo e sometelo a información pública, data na que se debe entender aprobado ao non presentar alegacións no trámite de información pública.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 14/11/2014, aprobou definitivamente o documento de revisión do plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo, fase 2ª, expte. 10365/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 06/06/2019, aprobou definitivamente o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, expte. 13971/306.

5.- O Concello de Vigo, no ano 2024, encargou os traballos de revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo á entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., con CIF B32374431, e a súa supervisión e control á Universidade de Vigo, CIF Q8650002B, Escola de Enxeñería de Telecomunicacións "Sonitum", en cumprimento do establecido no artigo 24 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.

As devanditas entidades presentaron o traballos en decembro de 2024, tralas revisións indicadas polo Servizo de Medio Ambiente achegan documento técnico definitivo en setembro de 2025, que procede someter á tramite para súa aprobación.

6.- A concelleira delegada de Medio Ambiente o 6 de outubro de 2025, ditou orde de inicio do procedemento administrativo para a aprobación do Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, redactado pola entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L. con CIF B32374431, coa supervisión e control da Universidade de Vigo, CIF Q8650002B, Escola de Enxeñería de Telecomunicacións "Sonitum", asinado dixitalmente o 25/09/2025, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído.



II- NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 1978.
- Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (L PACAP).
- RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental).
- RD.1367/2007, do 19 de outubro, de desenvolvemento da L.37/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas).
- Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Demais normativa de concordante aplicación.

III.- ANÁLISE DO DOCUMENTO

1.- A documentación entregada definitivamente do Documento do revisión do plan de acción contra o ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª (en adiante, PAR), consiste nun documento no que se tratan dez apartados, con diversos subapartados, e dous anexos:

1. *Obxecto.*
2. *Datos identificativos do PAR.*
3. *Autoridade responsable.*
4. *Contexto xurídico .*
 - 4.1. *Legislación Europea.*
 - 4.2. *Legislación Nacional.*
 - 4.3. *Legislación Autonómica.*
 - 4.4. *Legislación Local.*
 - 4.5. *Obxectivos de redución de ruído do PAR*
5. *Descrición da aglomeración:*
 - 5.1. *Descrición xeral.*
 - 5.2. *Datos demográficos.*
 - 5.2.1. *Poboación por parroquias.*
 - 5.2.2. *Centros sanitarios.*
 - 5.2.3. *Centros docentes.*
6. *Resultados do M.E.R. (4ª fase) .*
 - 6.1. *Fontes de ruído consideradas.*
 - 6.1.1. *Principais eixos viarios.*
 - 6.1.2. *Principais eixos ferroviarios.*
 - 6.1.3. *Actividade industrial.*
 - 6.2. *Exposición da poboación ao ruído.*
 - 6.2.1. *Ruído total.*
 - 6.2.2. *Ruído por focos.*
 - 6.2.2.1. *Ruído viario.*
 - 6.2.2.2. *Ruído industrial.*
 - 6.2.2.3. *Ruído ferroviario.*
 - 6.3. *Problemas identificados e situacións a mellorar.*
 - 6.3.1. *Fonte de ruído predominante.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 18 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- 6.3.2. Áreas de maior densidade de poboación.
- 6.3.3. Zonas de conflito e áreas prioritarias de actuación.
- 6.3.4. Zonas de ocio

7. Zonas tranquilas.

8. Programas en acción e previstos

8.1. Programas executados e en proceso

- 8.1.1. Zonas acusticamente saturadas (zas)
- 8.1.2. Zonificación acústica
- 8.1.3. Melloras en infraestruturas e habitabilidade
- 8.1.4. Outras actuacións
- 8.1.5. Investimentos realizados

8.2. Estratexia e programas en curso (curto prazo)

8.3. Estratexia a medio e longo prazo.

8.4. Medidas previstas para o Plan de Acción contra o Ruído.

- 8.4.1. Medidas de redución de velocidade.
- 8.4.2. Medidas de asfaltado acústico.
- 8.4.3. Outras contornas e medidas.

9. Síntese de resultados do PAR.

9.1. Síntese xeral.

9.2. Resultados da aplicación das medidas do PAR.

9.3. Indicadores de risco para a saúde.

10. Conclusións.

Anexo I. Proceso de selección de zonas tranquilas.

Anexo II. Metodoloxía de cálculo dos indicadores de risco para a saúde.

Ditos contidos reflíctense, tamén, a través de 75 táboas, 83 figuras e 6 gráficas.

A documentación foi entregada en soporte dixital con versións do documento en lingua galega e en lingua castelá.

2.- Resultados do Mapa Estratéxico do Ruído do Concello de Vigo, ano 2022, Fase 4ª, a considerar no Plan de Acción:

A revisión do mapa proporcionou uns resultados globais do termo municipal.

Os resultados refírense a solo exposto, poboación exposta ás distintas fontes de ruído: tráfico viario, ferrocarril, actividade industrial e global (todas as anteriores), nos horarios día, tarde, noite e global dita-tarde-noite, aténdonos o índices de ruído establecidos nas distintas áreas acústicas como obxectos de calidade acústica para ruído aplicables á áreas urbanizadas existentes (Anexo II do Rd 1367/2007, de 19 de outubro).

A Lei 37/2003 do Ruído e o Real Decreto 1513/2015 establecen os índices de ruído a considerar para a avaliación dos niveis de ruído nun territorio, en base aos diferentes períodos temporais establecidos, é dicir:

Ld; nivel de avaliación de ruído no período de día, entre as 7 e as 19 horas.

Le; nivel de avaliación de ruído no período de tarde, entre as 19 e as 23 horas.

Ln; nivel de avaliación do ruído no período de noite, entre as 23 e as 7 horas.

Ldem; avaliar a molestia que produce o ruído nas persoas. Representa un valor representativo medio das 24 horas do día.



Os obxectos de calidade acústico establecidos na referida norma Anexo II do Rd 1367/2007, de 19 de outubro e recollidos no mapa son os seguintes:

Táboa 4 (do MER) - Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas existentes

Tipo de área acústica		Índices de ruído		
		Ld	Le	Ln
e	Sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente, e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	60	60	50
a	Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial	65	65	55
d	Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do contemplado en c)	70	70	65
c	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	73	73	63
b	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	75	75	65
f	Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen (1)	(2)	(2)	(2)

(1) Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas axeitadas de prevención da contaminación acústica, en particular, mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo co apartado a), do artigo 18.2. da lei 37/2003, de 17 de novembro.

(2) No límite do perímetro destes sectores do territorio non se superarán os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao resto de áreas acústicas lindeiras con eles.

Nota. Os obxectivos de calidade aplicables ás áreas acústicas están referenciados a unha altura de 4 m.

Estes índices de ruído establecidos como obxectivos de calidade acústica aplicables a áreas urbanizadas considerase na fachada exterior da edificación segundo o establecido na lei.

As conclusións globais relativas ó documento do MER do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, tomando como referencia os criterios de afección $L_d > 65$ dBA, $L_e > 65$ dBA, $L_n > 55$ dBA e $L_{den} > 65$ dBA (fachada exterior do edificio), reflicte os seguintes resultados que se recollen en táboas:

2.1.- Solo total exposto.-

Dos datos globais obtidos con todos os focos de ruído activos (isto é, tráfico viario, tráfico ferroviario e focos industriais) conclúese que aproximadamente un 13% do territorio de Vigo está exposto a niveis de ruído nocturnos L_n superiores a 55 dBA e globais L_{den} superiores a 65 dBA.

2.2.- Poboación total exposta.-





Concello de Vigo

En canto á poboación exposta, os resultados obtidos conclúen que menos dun 20% dos habitantes de Vigo están expostos a niveis de ruído en períodos de día Ld e de tarde Le superiores a 65 dBA, cifra que se eleva ata case o 29% no período global de 24 horas, Lden. No que respecta ao período nocturno, pouco máis do 27% da poboación está exposta a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA.

2.3.- Resultados por fontes de ruído.

A principal fonte de ruído que afecta á superficie do municipio segue a ser o tráfico viario, moi por encima do tráfico ferroviario e dos focos industriais.

a) Ruído industrial:

- Superficie exposta: No que respecta ao ruído industrial, isto é, o debido tanto á actividade industrial do municipio como a aqueles focos puntuais, lineais ou superficiais de ruído asociados dun modo ou outro á esta, conclúese que menos do 0,5% da superficie de Vigo está exposta a niveis de ruído en período día, Ld, en período tarde, Le, ou en período 24 h, Lden, superiores a 65 dBA. Pola noite, pola súa banda, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA incrementase lixeiramente, ata alcanzar o 0,1% da superficie total do municipio.

- Poboación exposta: No referente á poboación exposta, conclúese que menos dun 0,5% dos habitantes están expostos a niveis de ruído en períodos de día, Ld, de tarde, Le, e global 24 horas, Lden, superiores a 65 dBA. Pola noite, ao redor dun 1,4% da poboación está exposta a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA.

b) Tráfico ferroviario:

No que respecta ao ruído que xera o tráfico ferroviario de Vigo, compróbase que basicamente contribúe á afección acústica a liña de ferrocarril que parte da/termina na Estación de Guixar, tendo en conta que a que deriva na Estación de Urzáiz, a cal soporta a maior parte do tráfico ferroviario de Vigo, transcorre integramente baixo terra ata máis aló dos límites municipais. Neste sentido, tendo en conta o tráfico residual de trens que circulan dende ou cara a Guixar en comparación con Urzáiz (segundo os datos de IMD facilitados por ADIF en marzo de 2022), conclúese que a exposición nocturna por encima dos 55 dBA tanto do solo como da poboación mantense nunhas porcentaxes practicamente desprezables, ao igual que para os períodos de día, tarde e 24 horas, neste caso para niveis de ruído Ld, Le e Lden superiores a 65 dBA.

c) Tráfico viario:

Tódolos eixos viarios:

- Superficie exposta: O tráfico viario é, por tanto, a fonte de ruído predominante na aglomeración de Vigo. Dos cálculos realizados conclúese que, debido ao tráfico que circula diariamente polos diferentes eixos viarios do municipio, preto dun 9% do solo municipal está exposto a niveis de ruído en período día, Ld, e en período tarde, Le, superiores a 65 dBA, porcentaxe que sobe ata o 12% para o período 24h, Lden. Pola noite, pola súa banda, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA sitúase lixeiramente por encima do 12% da superficie total.



- Poboación exposta: En canto á poboación exposta, ao redor dun 20% da poboación de Vigo vese exposta a niveis de ruído día Ld e tarde Le superiores a 65 dBA, alcanzando o 28,3% no caso do índice Lden. Pola noite, ao redor dun 26% da poboación está exposta a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA.

Grandes eixes viarios:

Segundo o requirido na revisión do MER correspondente á 4ª fase, débese analizar por separado a afección acústica debida ao tráfico que circula polos grandes eixos viarios. No caso de Vigo, os grandes eixos viarios que teñen incidencia no municipio son os seguintes:

- Autoestrada AP-9. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autovía AP9-V. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autovía VG-20. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autovía A-55. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autoestrada AG-57. Administración: Xunta de Galicia

- Superficie exposta grandes eixos viarios: O resultados obtidos conclúen que aproximadamente un 6% do solo vese afectado por niveis de ruído Ld e Le superiores a 65 dBA, polo tráfico que circula por estes grandes eixos, chegando ata preto do 8% no caso do índice Lden. Pola noite, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA sitúase lixeiramente por debaixo do 9% da superficie total do municipio.

- Poboación exposta grandes eixos viarios: A poboación exposta ao ruído que xera o tráfico que circula polos grandes eixos viarios, aproximadamente un 2% desta vese afectada por niveis de ruído Ld, Le e Lden superiores a 65 dBA, e por niveis nocturnos Ln superiores a 55 dBA.

3.- Programas en acción e previstos e síntese de resultados no Documento de revisión do Plan de Acción Contra o Ruído, fase 4ª (PAR):

O PAR contempla no apartado oito, os programas en acción e previstos contra o ruído, desenvolvendo estratexias e programas en curso (curto prazo), estratexia a medio e longo prazo e medidas previstas no PAR para reducir o ruído.

O obxectivo principal do presente PAR é o de analizar a situación acústica do municipio de Vigo e planificar todas aquelas actuacións que se consideren necesarias para reducir a contaminación acústica e a exposición do seu territorio e dos seus residentes a niveis excesivos de ruído.

Entre os anos 2008 e 2012 o Concello de Vigo investiu preto de 75 millóns de euros en máis de 80 actuacións que contribuíron no seu momento para mellorar o confort acústico na súa contorna de influencia.

O investimento continuou entre os anos 2013 e 2024, onde se investiron aproximadamente 100 millóns de euros en case 170 actuacións, principalmente en humanizacións e ensanches de rúas e barrios, reasfaltado e arranxo de pavimentos e mellora de infraestruturas (trazados, curvas, etc.), así como actuacións de accesibilidade, adaptación e reparación de contornas como co plan Vigo Vertical.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 22 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANO	CONCEPTO	GASTO TOTAL
2013-2017	HUMANIZACIÓNS, MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E ACCESIBILIDADE	64.808.493,20 €
2018-2024	HUMANIZACIÓNS E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS	23.860.924,01 €
2018-2024	VIGO VERTICAL	11.530.758,54 €
TOTAL	100.200.175,75 €	

Todas estas actuacións contribuíron, en maior ou menor grao, a mellorar a calidade da contorna no que se desenvolveron e, con iso, as condicións de habitabilidade, confort acústico e convivencia dos seus habitantes.

A política urbanística e ambiental do Concello de Vigo ten previsto continuar nos próximos anos coa liña establecida de creación dunha cidade máis sostible, habitable e accesible a todos os seus cidadáns. Así, dentro das Estratexias e programas en curso (curto prazo) nos próximos 5 anos (anos 2024 a 2029) proxéctase destinar máis de 26 millóns de euros en novas actuacións planificadas ao redor da humanización de novas rúas e contornas da cidade, accesibilidade e, tamén, asfaltados así como para seguir o plan de desenvolvemento urbano Vigo Vertical. Coa mellora do asfaltado, conséguese reducir os niveis sonoros do ruído de rodaxe, tanto máis cantas máis características acústicas teña o asfalto, non só pola propia porosidade deste, en comparación coa do asfalto anterior. No ano 2025 estase a reasfaltar máis dunha decena de rúas, cubrindo case 8 km de lonxitude en total.

ANO	CONCEPTO	GASTO TOTAL
2024-2029	HUMANIZACIÓNS E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS	23.577.044,72 €
2024-2029	VIGO VERTICAL	2.593.647,55 €
TOTAL	26.170.692,27 €	

- Estratexia a media e longo prazo:

Dende o Concello de Vigo valóranse e promoven ademais outras medidas para ir instaurando nun futuro, a medio e longo prazo, encamiñadas tamén a reducir os niveis de ruído do municipio e mellorar o tráfico e a habitabilidade dos residentes. Entre elas, caben destacar as seguintes:

- Continuar coa liña de análise e avaliación do impacto acústico debido ao tráfico de vehículos pesados, considerando a viabilidade de aplicar restricións ao mesmo en zonas con alta densidade de poboación e naquelas rúas onde os vehículos de gran tonelaxe supoñan unha porcentaxe de circulación considerable, en relación ao tráfico medio diario.
- Reducir a velocidade máxima permitida, pasando de 50 km/h a 30 km/h ou mesmo a 20 km/h en vías urbanas, principalmente en contornas residenciais das parroquias centrais do municipio, con maior concentración de residentes.



- Mellorar as semaforizacións en puntos críticos da cidade, tal que permitan optimizar a fluidez do tráfico, reducindo atascos e o número de operacións de parada/arranque de vehículos, as cales contribúen a incrementar os niveis de ruído na contorna dos semáforos.
- Continuar coa instalación de paneis informativos en diferentes puntos da cidade, con información en tempo real das vías máis e menos fluídas, para que os condutores poidan elixir o traxecto máis conveniente, favorecendo a circulación, reducindo a formación de atascos e diminuindo así o aumento de niveis de contaminación e de ruído que se producen neles.
- Vixiar o ruído en diferentes zonas do termo municipal, co obxectivo principal de controlar e mellorar o confort acústico da poboación.
- Apostar pola colaboración do Concello de Vigo coas administracións responsables daquelas fontes de ruído de competencia supramunicipal (eixos viarios, actividade portuaria, etc.), para a análise de puntos conflitivos dentro do territorio e a adopción de medidas correctoras (redución de velocidade, restricións de tráfico pesado, instalación de barreiras acústicas, etc.) que contribúan a reducir o impacto acústico na contorna. Así, por exemplo, no caso da contorna da AP-9V, reducir a velocidade máxima de 100 km/h a 50 km/h no seu traxecto, sendo o Ministerio de Fomento a administración responsable, suporía diminuír entre un 60% e un 95% a poboación exposta na zona a niveis excesivos de ruído.
- Fomentar espazos comúns libres de tráfico, dando prioridade aos peóns sobre os vehículos, humanizando áreas densamente poboadas, xerando contornas de espaxamento seguros e confortables tanto acusticamente como no referente ao acceso a eles e á súa habitabilidade.
- Analizar o efecto que terá nun futuro a entrada en circulación con carácter xeneralizado do coche eléctrico, sobre a pegada de ruído do municipio.
- Promover o uso da bicicleta, do patinete eléctrico, do *segway*, etc., por diante do vehículo privado, e a súa circulación responsable e controlada a través dos carrís bici habilitados e previstos en todo o termo municipal.
- Apostar polas campañas de información e sensibilización da poboación acerca da problemática do ruído e dos seus efectos nocivos sobre a saúde, dos beneficios de camiñar cara a unha cidade acusticamente comfortable, así como do relevante papel que xoga o cidadán e da importancia do respecto ao medio ambiente e ao descanso alleo.

Ademais destas actuacións, que promoverán o desenvolvemento sostible da cidade e mellorarán a mobilidade e o confort da cidadanía, no presente Plan de Acción contra o Ruído deseñáronse unha serie de medidas específicas, co obxectivo principal de reducir a exposición ao ruído da poboación nas contornas de maior afección, reducindo así tamén os efectos de risco sobre a saúde dos habitantes. Dos resultados analizados no MER da 4ª Fase, conclúese que o principal foco de ruído responsable da exposición ao ruído é o tráfico viario, especialmente nas zonas de maior densidade de poboación, polo que as medidas contempladas céntranse sobre estas fontes de ruído.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 24 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Estas medidas poden agruparse en dúas grandes categorías: redución da velocidade máxima nas ZBE, nas rúas periféricas de Avenida da Gran Vía, na VG-20 e na Avenida Arquitecto Palacios; e asfaltado acústico dos principais eixos de media/grande capacidade do municipio, tales como a Avenida da Gran Vía, Avenida de Castela ou Jenaro de la Fuente, peatonilización da zona Portal do Sol, Elduayen e Paseo de Alfonso XII (tráfico a través dun túnel subterráneo).

A aplicación das medidas descritas ten un claro efecto positivo nos datos de exposición da poboación a niveis excesivos de ruído, estimando reducións teóricas de ata o 48% en canto a poboación exposta a niveis de ruído en fachada $L_d \geq 65$ dBA e $L_e \geq 65$ dBA, e de en torno ao 30% en canto a poboación exposta a niveis de ruído en fachada $L_n \geq 55$ dBA e $L_{den} \geq 65$ dBA, beneficiando a entre 23.000 e 26.000 persoas con respecto aos resultados obtidos no último MER.

Así mesmo, a aplicación destas medidas tamén ten consecuencias positivas, máis moderadas, sobre a exposición da poboación a niveis medios de ruído, alcanzando reducións teóricas do 16% en canto a poboación exposta a niveis de ruído en fachada $L_n \geq 50$ dBA, e de preto do 5% no referido a poboación exposta a niveis de ruído en fachada $L_d \geq 55$ dBA, $L_e \geq 55$ dBA e $L_{den} \geq 55$ dBA. En total, estímase que, nos devanditos rangos de ruído, a implantación das medidas propostas no PAR pode chegar a beneficiar a unhas 22.000 persoas en período nocturno e a unhas 9.000 persoas no resto dos períodos.

En canto aos beneficios sobre os indicadores de risco para a saúde, estímase que, coa aplicación das medidas propostas no PAR, un total de 45 persoas experimenten unha redución de efectos prexudiciais debido a Enfermidades Cardíacas Isquémicas (ECI), de 3.892 persoas debido a Molestias Intensas (MI) e de 1.408 persoas debido a Alteracións Graves do Sono (AGS), o que supón reducións de entre un 8% e un 14%.

IV.- PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN

A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de elaborar Plans de accións correspondentes ó ámbito do Mapa Estratéxico de Ruído que permita afrontar globalmente as cuestións concernentes á contaminación acústicas precisando a liña de actuacións a desenvolver.

A disposición adicional primeira Lei 37/2003 do 17 de novembro establece a obriga de aprobar os plans de acción en materia de contaminación acústica, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 18/07/2008.

Tamén, o artigo 24 da dita lei establece a obriga de revisar e, no seu caso, modificar os plans de acción cada cinco anos dende a data da súa aprobación tralo trámite de información pública polo período mínimo dun mes.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 06/06/2019, aprobou definitivamente o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, expte. 13971/306 e a Concellería de Medio Ambiente no ano 2024, encargou a revisión do citado plan de acción correspondente ó ano 2024, fase 4ª, cuxo documento final é obxecto do presente informe.



Ao abeiro do artigo 24 en relación co 22 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, é preciso a aprobación do Documento de revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, tralo trámite de información pública por un período de un mes.

Ao abeiro do artigo 83 en relación co 45.3. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP, o período de información pública do procedemento anunciarase mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, con indicación do lugar de exhibición do expediente, que será accesible a través de medios electrónicos, con indicación do prazo para formular alegacións, neste caso un mes.

O Documento de revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, contén os contidos mínimos esixidos pola normativa de aplicación, en especial, a Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002; Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal); RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental); RD 1367/2017, de 19 de outubro, de desenvolvemento da L.37/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas), D. autonómico 106/2015, de 9 de xullo, nos aspectos obxecto da revisión.

A competencia para aprobación do Documento de revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, corresponde ó alcalde ó abeiro do establecido no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Non obstante, a dita competencia foi delegada na Xunta de Goberno Local en virtude da resolución de delegacións de competencias do alcalde no referido órgano do 20/06/2023 (BOPPO 28/06/2023).

Por todo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, redactado pola entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L. con CIF B32374431, coa supervisión e control da Universidade de Vigo, CIF Q8650002B, Escola de Enxeñería de Telecomunicacións “Sonitum”, asinado dixitalmente o 25/09/2025, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (expte. 18955/306).

Segundo.- Someter o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, ó trámite de información pública polo prazo de un mes, contado desde a publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.

Terceiro.- O Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, en formato dixital estará a disposición do público en xeral na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental) e no Portal de Transparencia. Tamén, poderá consultarse nun sistema do servizo municipal de Medio Ambiente, planta segunda da casa do concello.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 26 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Cuarto.- Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(787).- PROPOSTA DE SUSPENSIÓN PROVISIONAL DE EXECUCIÓN DA SANCIÓN DISCIPLINARIA. EXPTE. 92914/212.

Omítese o contido deste acordo en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

8(788).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PERSOAL INTERINO CON CARGO A PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL-ATENCIÓN VENTANILLA PARA A OFICINA DE ASISTENCIA AO REXISTRO (OAR). EXPTE. 46653/220.

Visto o informe de fiscalización de data 9/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 08/10/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Pola Secretaría de Goberno Local coa conformidade da Concellería competente, solicítase que con carácter de urxente, por parte da Área de RRHH e Formación se proceda ao nomeamento de persoal interino para a cobertura de dúas prazas vacantes de auxiliar administrativo de atención a ventanilla conforme o artigo 10.1.a do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para a oficina de asistencia ao rexistro dependente da Secretaría xeral, polas razóns que constan na solicitude que se dan integramente por reproducidas.

II.- Consta no expediente (trámites 16 e 17) renuncia expresa de dúas funcionarias interinas que ocupaban, na Oficina de asistencia ao rexistro, prazas vacantes incluídas nas OEP 2020 e 2021.

III.- Consta informe de verificación previa de data 29/09/2025 segundo o cal:

“De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e modificados pola XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e co Convenio de colaboración de sinatura dixital 17/06/2024, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica e pola Xerencia Municipal de Urbanismo, salvo erro ou omisión, procede o chamamento das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 27 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Como auxiliar de Administración Xeral:

F. J. Santos Vilas, con DNI ***1881** (vacante 2020)

A.M. Méndez Lameiro, con DNI ***1361** (vacante 2021)

IV.- Consta informe de cuantificación económica no expediente, de data 08/10/2025, segundo o cal:

*“Cuantificación económica custo nomemamento interino praza Auxiliar admon Xeral Posto 377
“Auxiliar atencion ao publico Ventanilla*

Custo Anual Posto 377

Posto 377	Subg C2	CD 16	CE 136	Seg Soc Empresa
Auxiliar At Publico Ventanilla	10.073,72 €	5.890,36 €	11.983,86 €	7570,32 €

Aplicacions orzamentarias:

Basicas: 920 4 1200400
C. Destino: 920 4 1210004
C. Especifico: 920 4 1210104
Seg. Social 920 4 1600000

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 28 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa "La existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4;...



O apartado 4 da mesma lei: *"En el supuesto previsto en el apartado 1.a), las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.

Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino y sea resuelta conforme a los plazos establecidos en el artículo 70 del TREBEP. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica..."

Pola súa banda a Lei 31/2022, de 23 de decembro de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, actualmente prorrogada, dispón no artigo 20, apartado Dos, punto 2.:

"Las Administraciones Públicas deberán tener en cuenta las plazas de personal interino por vacante y personal laboral temporal por vacante nombradas en el año 2023.

En todo caso, las vacantes ocupadas por este personal deberán incluirse en la Oferta de Empleo Público correspondiente al ejercicio en que se produce su nombramiento y, si no fuera posible, en la siguiente, salvo que se decida su amortización..."

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso a secretaria de goberno local solicita persoal interino para a cobertura da vacante de auxiliar de administración xeral atención ventanilla, en atención as circunstancias expostas.

Polo tanto, visto o artigo 10.1.a) do TREBEP, e normativa de aplicación, procede o nomeamento interino con cargo a praza vacante de auxiliar de administración xeral incluídas nas OEPs 2020 e 2021, logo das renuncias referidas no antecedente II de este informe.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 30 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente e transcrito no punto IV dos antecedentes de este informe.

VI.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

Consta informe favorable de fiscalización do gasto de data 12/05/2025.

VII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 31 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025.

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 2 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: Auxiliar de administración xeral atención ventanilla
- Modalidade legal: persoal funcionario interino con cargo a prazas vacantes incluídas nas OEP 2020, 2021.
- Destino: Oficina de Asistencia ao Rexistro
- Período temporal: polo tempo estritamente necesario, cun máximo de tres anos, nos termos previstos no apartado 4 (artigo 10.1, letra a) do TREBEP).
- Custe económico: Co seguinte detalle:

“Custo Anual Posto 377

Posto 377	Subg C2	CD 16	CE 136	Seg Soc Empresa
Auxiliar At Publico Ventanilla	10.073,72 €	5.890,36 €	11.983,86 €	7570,32 €

Aplicacións orzamentarias:

Básicas: 920 4 1200400
C. Destino: 920 4 1210004
C. Específico: 920 4 1210104
Seg. Social 920 4 1600000

- Todo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear en réxime de persoal funcionario interino, na categoría de Auxiliar de administración xeral atención ventanilla e nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

F. J. Santos Vilas, con DNI ***1881** (vacante 2020)

A.M. Méndez Lameiro, con DNI ***1361** (vacante 2021)





Concello de Vigo

Elo de conformidade de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva vixentes no momento do chamamento (XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e o Convenio de Colaboración coa Xerencia Municipal de Urbanismo de data 17/06/2024).

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Secretaria de Goberno Local, inspección de persoal e persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(789).- PROPOSTA DE SANCIÓN NO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO 46476/220.

Omitese o contido deste acordo en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

10(790).- PROPOSTA DE COMPENSACIÓN ECONÓMICA POLO CESE DERIVADO DA NON SUPERACIÓN DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO PÚBLICO. EXPTE. 47104/220.

Visto o informe de fiscalización de data 14/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/10/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 33 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

I.- En data 21/07/2025 (documento 250202176) A. B. Vieira Parada, DNI ***3435** presenta escrito solicitando compensación económica por cese (como persoal interino) derivado do proceso de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de xullo de 2025, no expediente 46628/220, acordou cesar como persoal interino a aquelas persoas que ocupaban as prazas de auxiliar de administración xeral, subgrupo C2, que foron executadas na oferta de emprego público de estabilización do Concello de Vigo, realizándose no mesmo acordo os respectivos nomeamentos como persoal funcionario de oito das aspirantes que superaron o proceso.

-Entre o persoal cesado atopábase a agora interesada, cuxo cese efectivo produciuse con data 03/08/2025.

III.- Segundo os datos que figuran nas aplicacións de persoal desta administración, e aos efectos dos antecedentes relacionados directamente co presente procedemento, consta que, a interesada foi nomeada como funcionaria interina na categoría de Auxiliar de administración xeral (subgrupo C2) por acordo da Xunta de Goberno Local do 11/10/2018, e adscrita con efectos económicos e administrativos do 15/10/2018 á Unidade de Apoio ao Consorcio Casco Vello.

IV.- Consta a participación da interesada no proceso de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, nas prazas de auxiliar de administración xeral, subgrupo C2, sen que tivese superado o proceso selectiva e vendo finalizada a súa relación con esta administración segundo a documentación obrante no expediente 46628/220, o 03/08/2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I- Dereito a compensación económica por cese de persoal interino que non superou o proceso de estabilización do emprego temporal.

I.- O artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, dedicado aos procesos de estabilización de emprego temporal, establece no seu punto 6:

“Corresponderá una compensación económica, equivalente a veinte días de retribuciones fijas por año de servicio, prorrateándose por meses los periodos de tiempo inferiores a un año, hasta un máximo de doce mensualidades, para el personal funcionario interino o el personal laboral temporal que, estando en activo como tal, viera finalizada su relación con la Administración por la no superación del proceso selectivo de estabilización.

En el caso del personal laboral temporal, dicha compensación consistirá en la diferencia entre el máximo de veinte días de su salario fijo por año de servicio, con un máximo de doce mensualidades, y la indemnización que le correspondiera percibir por la extinción de su contrato, prorrateándose por meses los periodos de tiempo inferiores a un año. En caso de que la citada indemnización fuere reconocida en vía judicial, se procederá a la compensación de cantidades.

La no participación del candidato o candidata en el proceso selectivo de estabilización no dará derecho a compensación económica en ningún caso.”

Polo cal, esta indemnización corresponde unicamente aos funcionarios interinos que, estando nomeados á entrada en vigor da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 34 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, non superaran o proceso de estabilización e ven finalizada a súa relación coa administración.

No caso de funcionarios con un nomeamento posterior, seríalles de aplicación o establecido na Disposición adicional 17 do RDLEX 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, introducida polo artigo 1 da mesma Lei 20/2021, e de aplicación aos nomeamentos realizados dende a entrada en vigor da mesma, como indica a súa disposición transitoria 2ª.

No presente caso, tal e como se recollía nos antecedentes, a interesada foi nomeada como funcionaria interina na categoría de Auxiliar de administración xeral (subgrupo C2) por acordo da Xunta de Goberno Local do 11/10/2018, e adscrita con efectos económicos e administrativos do 15/10/2018 á Unidade de Apoio ao Consorcio Casco Vello. Este é o último nomeamento como persoal interino que figura nesta administración por parte da interesada antes do seu cese.

-A interesada participou no proceso selectivo de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, nas prazas de auxiliar de administración xeral, subgrupo C2, sen que tivese superado o proceso selectivo e vendo finalizada a súa relación con esta administración en data 03/08/2025, segundo a documentación obrante no expediente 46628/220.

-Como retribucións fixas mensuais da interesada, tomando como referencia a nómina do seu último mes completo nesta administración (xullo 2025) resultaría:

- retribucións fixas brutas: 1956,64 euros.
- prorrateo pagas extras: 324,94 euros.
- RETRIBUCIÓNS TOTAIS A EFECTOS DE CÁLCULO DA COMPENSACIÓN: 2.281,58 euros.

-Data de inicio: 15/10/2018

-Data de cese: 03/08/2025

-O que supón unha retribución total a favor da interesada de **10251,48 euros**, conforme ao cálculo establecido no artigo 2.6 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 35 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/09/2025).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude presentada por A. B. Vieira Parada, DNI ***3435** (documento 250202176), conforme aos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, e recoñecer a favor da interesada o pago da cantidade de 10251,48 euros, en concepto de compensación económica polo seu cese como persoal interino trala celebración e non superación do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.1400000 dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución á interesada, Intervención xeral e Tesourería-Nóminas aos efectos procedentes.

TERCEIRO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 36 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

11(791).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”. EXPTE. 2284/441.

Visto o informe de fiscalización do 10/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 7/10/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Investimentos e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.-ANTECEDENTES

O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos, ten previsto un programa de actuacións para o desenvolvemento de proxectos de investimentos tanto no ámbito da mellora da mobilidade urbana sostible, así como en relación a mellora de espazos públicos e instalacións educativas e deportivas da cidade.

A Deputación Provincial de Pontevedra contempla nos orzamentos unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, créditos para o establecemento dos correspondentes convenios de colaboración cos Concellos, e concretamente co Concello de Vigo.

Co obxecto de dar continuidade a colaboración administrativa e financeira da Deputación Provincial de Pontevedra o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais, o Concello de Vigo ven de aprobar por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 11/10/2024 o proxecto **"MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS"**, actuación que pola súa singularidade en relación a mellora das instalacións deportivas municipais, propónse como un dos proxectos para incluír neste ámbito de colaboración.

Este proxecto demanda unha flexibilidade nos prazos de execución (debemos ter en conta as necesidades de aprobación de proxectos, aprobación de procesos de licitación, adxudicación e execución de obra), polo cal a vixencia das propostas de execución dos convenios deberán posibilitar un prazo de dous anos dende a formalización do convenio, cunha posibilidade de acordar unha ampliación polo período máximo dun ano.

O proxecto básico e de execución para a “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS” (Expte 6403-443), redactado polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Martínez, Dña. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEIS MILLÓNS NOVECENTOS SETENTA E SEIS MIL NOVECENTOS CORENTA E OITO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (6.976.948,20 €), con data da sinatura xullo de 2024.

Tal e como se indica na memoria descritiva do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, a actuación proxectada prevé as seguintes actuacións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 37 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- ACTUACIÓNS DERIVADAS DO INCENDIO: Demolicións e traballos previos, particións e albanelería, carpinterías, revestimentos e acabados, cubertas e instalacións contra incendios, climatización, fontanería, gases combustibles, alta tensión, baixa tensión, iluminación, telecomunicacións, depuración piscinas, saneamento, seguridade, audiovisuais, estruturas, mobiliario e equipamento e axudas de albanelería.
- ACTUACIÓNS PATOLOXÍAS PREVIAS: En cubertas, fachadas, particións e albanelería, carpinterías e vidros, en revestimentos, acabados e axudas de albanelería.
- ACTUACIÓNS NOVAS: Demolicións e traballos previos, carpinterías, particións e albanelería, revestimentos e acabados, climatización multiusos e fotovoltaica.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (18) dezoito meses.

OBRA COMPLETA.

A actuación formulada, se refire a unha obra completa susceptible de ser entregada ó uso xeral ou ao servizo público correspondente unha vez rematada, segundo o estipulado no artigo 13 da lei 9/2017, de 8 de novembro LCSP e o artigo 125 del RXLCAP.

Na actualidade o expediente administrativo para a execución das obras para a “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”, iniciouse no marco do expediente 2121-441, sendo aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 09/12/2024. A licitación deste contrato publicouse na Plataforma de Contratación do Estado o día 11/12/2024. Na actualidade o proceso de licitación finalizou co acordo de adxudicación por parte da Xunta de Goberno Local do día 02/05/2025, formalizándose o contrato o día 28/05/2025.

Á vista da situación de avance dos procesos administrativos derivados da licitación e adxudicación procede adecuar o alcance económico da previsión inicial da actuación de acordo co importe xa coñecido da adxudicación polo importe de 6.279.253,38 €, cun prazo de execución de 18 meses.

ALCANCE ECONÓMICO DA ACTUACIÓN

O proxecto adxudicado ten o seguinte importe de execución:

Orzamento base de adxudicación con IVE:	6.279.253,38 €
---	----------------



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 38 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Estimación de custes asociados a execución da obra:

Contrato de asistencia técnica para a CSS da obra	64.795,50 €
Contrato de Asistencia técnica a Dirección da obra	167.367,20 €
Estimación de custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP	627.925,34 €

Importe total para o ámbito desta actuación:	7.139.341,42 €
---	-----------------------

PROPOSTA DE COLABORACIÓN PARA O COFINANCIAMENTO

O día 22/08/2025, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 2.35552 da Deputación Provincial de Pontevedra, apróbase o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para levar a cabo a execución da obra “Mellora da piscina municipal de Teis” mediante o que a Deputación se compromete a aportar a cantidade de 4.800.000,00 € e o Concello de Vigo un importe que ascende a 2.339.341,42 €.

A vista do acordo mencionado, o día 03/09/2025, dende o Concello de Vigo, remítese solicitude para modificar o alcance económico das achegas no marco do mesmo:

- O Concello solicita, por unha parte, a modificación do alcance económico do convenio de colaboración para a execución da obra “Mellora da piscina municipal de Teis”, alcanzando a achega de financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra un total de CINCO MILLÓNS DE EUROS (5.000.000,00 €) con cargo ó exercicio 2025, en lugar dos CATRO MILLÓNS OITOCENTOS MIL EUROS (4.800.000,00 €) que xa ten concedidos, e minorándose a achega do Concello de Vigo que pasa dun total de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (2.339.341,42 €) a un total de DOUS MILLÓNS CENTO TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (2.139.341,42€), ao aportar no exercicio 2026, UN MILLÓN DE EUROS (1.000.000,00 €) en lugar de UN MILLÓN DOUSCENTOS MIL EUROS (1.200.000,00 €), quedando así o cadro de financiamento do convenio do seguinte modo:

	Total actuacións	Achega Deputación Pontevedra	Achega Concello de Vigo
--	------------------	------------------------------	-------------------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 39 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS	7.139.341,42 €	5.000.000,00 €	2.139.341,42 €
Distribución créditos por anualidades:	2025	5.000.000,00 €	600.000,00 €
	2026		1.000.000,00 €
	2027		539.341,42 €

De acordo coa solicitude de axuste do cofinanciamento deste convenio, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na sesión ordinaria do día 12/09/2025, procedeu a aprobar *"MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM. 2.35552 DE DATA 22 DE AGOSTO DE 2025, POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS", POR SOLICITUDE DO CONCELLO PARA MODIFICAR O ALCANCE ECONÓMICO DAS ACHEGAS (EXPTE.2025050424)"*, no cal se aproba o novo texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS", conforme as devanditas modificacións, e cuxo texto se recolle no anexo I deste informa.

II.- FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposición legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 40 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

III.- CONTIDO DO CONVENIO:

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS".

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no convenio; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas na memoria e nos proxectos técnicos; licitar os proxectos que conforman as actuacións obxecto do convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 41 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; dar a adecuada publicidade ao convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos; comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía; e, prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

IV.- PROCEDEMENTO E COMPETENCIA

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Memoria xustificativa do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de DOUS MILLÓNS CENTO TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (2.139.341,42 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	600.000,00 €
Exercicio 2026	1.000.000,00 €
Exercicio 2027	539.341,420 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 3420/6320015 (PISCINA TEIS) – proxecto de gasto 22342009 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación definitiva dos orzamentos xerais do concello para o ano 2026 e 2027

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 42 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

De conformidade co artigo 127.1.g) LRRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

V.- PROPOSTA:

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS". transcrito como Anexo I.

Segundo.- Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo, que se corresponde cun importe total de "SETE MILLÓNS CENTO TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (7.139.341,42 €), dos cales lle corresponden ao Concello de Vigo para a execución deste convenio os créditos necesarios para a licitación, adxudicación e execución ate un máximo de DOUS MILLÓNS CENTO TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (2.139.341,42 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	600.000,00 €
Exercicio 2026	1.000.000,00 €
Exercicio 2027	539.341,420 €

A achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 3420/6320015 (PISCINA TEIS) – proxecto de gasto 22342009 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación definitiva dos orzamentos xerais do concello para o ano 2026 e 2027



- Terceiro.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.
- Cuarto.- Dar conta deste acordo á Deputación Provincial de Pontevedra para a sinatura do mesmo.
- Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión Municipal ós efectos de publicidade

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS".

En Vigo na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dá fe da formalización D. Carlos Cuadrado Romy, secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D.ª Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 44 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Vigo veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, parques e xardíns, entre outras.

III.- Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopa a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos que persigan a mellora das infraestruturas de titularidade públicas

IV.- O obxectivo deste convenio é seguir mellorando a calidade dos espazos para o ocio e o recreo da Cidade de Vigo

V.- Que o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, os encamiñados de forma particular, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra apoia a transformación sostible das infraestruturas deportivas dos concellos da provincia.

VI. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2025, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co concello de Vigo.

VII.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras,



accesibles e abertas para o desfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervinientes con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

- 1.- O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra **"MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS"**.
- 2.- O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra **"MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS"**, foi redactado polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEIS MILLÓNS NOVECIENTOS SETENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (6.976.948,20 €), con data da sinatura xullo de 2024, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 11 de outubro de 2024. Dito proxecto foi licitado e adxudicado a través do expediente administrativo 2121-441, sendo o importe de adxudicación o de 6.279.253,38 €

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

- 1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de SETE MILLÓNS CENTO TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (7.139.341,42 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

O proxecto adxudicado ten o seguinte importe de execución:

Orzamento base de adxudicación con IVE:	6.279.253,38 €
Estimación de custes asociados a execución da obra:	
Contrato de asistencia técnica para a CSS da obra	64.795,50 €
Contrato de Asistencia técnica a Dirección da obra	167.367,20 €
Estimación de custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP	627.925,34 €
Importe total para o ámbito desta actuación:	7.139.341,42 €



2.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de CINCO MILLÓN DE EUROS (5.000.000,00 €), correspondentes ao exercicio 2025.

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega da Deputación Provincial de Pontevedra, será financiada con cargo ós créditos da aplicación 942.9420.762.14.

3.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de (DOUS MILLÓNS CENTO TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS) 2.139.341,42 €, desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	600.000,00 €
Exercicio 2026	1.000.000,00 €
Exercicio 2027	559.341,42 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 3420/6320015 (PISCINA TEIS) – proxecto de gasto 22342009 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, as devanditas achegas quedarán condicionadas, en todo caso, á aprobación definitiva dos orzamentos xerais do concello para o ano 2026 e 2027

4.- Non obstante, calquera variación da anualidade da execución prevista, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos ós que o presente convenio se refire, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

2.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos sobre o seguimento da obra, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción da obra, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación



provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

4.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a coordinación de seguridade e aúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

5.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución da obra obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción da obra contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.

Así mesmo, coa finalización das obras, para a liquidación final das actuacións, deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 48 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- Informe final do/a Director/a da obra.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte á Lei de contratos.
- Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

As/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento, que se define no parágrafo anterior, é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

As partes asinantes do convenio, comprométense á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio, e de acordo coa obriga de financiación para cada unha das administracións en relación ao proxecto de "**MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS**", polo cal a achega da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de CINCO MILLÓN DE EUROS (5.000.000,00 €), determínase como achega finalista ao convenio, aportando o Concello de Vigo a diferenza ata o importe que se derive da execución final das actuacións obxecto do convenio e de ser o caso se a execución destas actuacións superaran o importe máximo do convenio será responsabilidade do Concello de Vigo asumir a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

Se finalmente, a execución da obra prevista tivera un custo inferior ao indicado na adxudicación dos contratos vinculados ao obxecto do convenio, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado máis aló do prazo de execución establecido, iníciarase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.



SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista neste convenio.
- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.
- Licitara, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme o pacto sétimo do mesmo, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución da mesma.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 50 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 €.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra. O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:

- Dende o inicio das obras ata a súa total terminación, deberá colocarse un cartel de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Vigo e o da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Facerse cargo dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, situarse ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal.
- Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións ou os gastos subvencionados.
- Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio da Deputación. Isto farase mediante a inclusión da imaxe corporativa actualizada nun lugar visible.
- As notas de prensa que se fagan desde o Concello deberán indicar o financiamento da Deputación para as actuacións ou os gastos subvencionados.
- Comunicarlle á Deputación as distintas visitas ás instalacións e, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, o lugar, a data e hora do acto de recepción da obra ou da subministración e, de ser o caso, da inauguración do investimento.

A falta de previsións concretas, rexerán con carácter supletorio as regras das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia) 2025, especificamente as previstas para a Liña 1 de investimentos, por ser o Plan de natureza equivalente a este convenio.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>) .



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 51 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 52 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- ✓ A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- ✓ A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- ✓ A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- ✓ A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- ✓ A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura e o investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado a límite do 30 de xuño de 2027, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2027.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de xuño de 2028.

No caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data, as partes poderán acordar estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais aló do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda do dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobranter para conceder outra subvención ao Concello.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 53 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

12(792).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE LIQUIDACIÓNS POR USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 460240/700.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 54 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/10/2025, asinado polo recadador executivo e polo tesoureiro municipal, que di o seguinte:

O Xefe do Servizo dos Deportes de Vigo (IMD) do Concello de Vigo, remíte a esta Unidade de Recadación Executiva en data 8 de outubro de 2025 :

- Expediente 7266-611: liquidación de **CABRAL FC** (N.I.F. G**6572**) por importe de **1.734,35** euros por uso de instalacións deportivas correspondente ós adestramentos e/ou partidos ata o 13 de marzo de 2025, notificada en periodo voluntario, regulamentariamente conforme os artigos 109 e 112 da Lei Xeral Tributaria, 58/2003, de 17 de decembro e transcorridos os prazos de ingreso e de solicitude de aprazamento sen que se efectuará ningún dos procedementos indicados se require desa TESOURERIA - RECADACION para que o SR. TESOUREIRO DICTE A CORRESPONDENTE PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO.
- Expediente 24483-333: liquidación de **ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL** (N.I.F. G**6863**) por importe de 29.565,52 euros por uso de instalacións deportivas correspondente ós adestramentos e/ou partidos ata o 10 de febreiro de 2025, notificada en periodo voluntario, regulamentariamente conforme os artigos 109 e 112 da Lei Xeral Tributaria, 58/2003, de 17 de decembro e transcorridos os prazos de ingreso e de solicitude de aprazamento sen que se efectuará ningún dos procedementos indicados se require desa TESOURERIA - RECADACION para que o SR. TESOUREIRO DICTE A CORRESPONDENTE PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO.

En consecuencia , propónse a XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

Quedar enteirada das seguintes liquidacións que se remiten a esta Unidade de Recadación Executiva – Tesourería, para que o Sr. Tesoureiro dicte a correspondente providencia de constrinximento que unha vez notificadas o obrigado tributario inicie o cobramento pola vía de constrinximento sobre o patrimonio dos obrigados o pago con arranxo ó procedemento regulado na Lei Xeral Tributaria e no Regulamento Xeral de Recadación.

TITULAR	NIF	EXPEDIENTE	IMPORTE
CABRAL FC	G**6572**	7266-611	1.734,35
ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL	G**6863**	24483-333	29.565,52
		TOTAL	31.299,87

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

13(793).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DUN SERVIZO DE RUTAS GUIADAS CARACTERIZADAS PARA A PROMOCIÓN DO TURISMO FUNERARIO EN VIGO DURANTE O SAMAÍN 2025. EXPTE. 8893/104.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 55 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Visto o informe xurídico de data 3/10/2025 e o informe de fiscalización do 13/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 2/10/2025, asinado pola xefa de Turismo e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 08/07/25.
- Memoria económica de data 21/08/25 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base ós prezos facturados para o mesmo tipo de servizos nos anos precedentes para levar a cabo o obxecto de presente contrato e facendo un cálculo do custo medio.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 17/07/25.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 21/08/25
- Memoria xustificativa de data 21/08/25 relativa aos seguintes extremos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 56 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
- A xustificación do procedemento procedemento aberto simplificado (art. 159.6 da LCSP)
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 25/08/25
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado polo servizo de contratación de data 25/08/25

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por Resolúcións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 22 de xuño de 2023 e BOP n.º 123 de data 27 de xuño de 2023, modificado por Decreto da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 e 26 de setembro de 2025. A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 08/07/25 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:37	Páxina 57 de 59
1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RUTAS GUIADAS CARACTERIZADAS PARA PROMOCIÓN DO TURISMO FUNERARIO DE VIGO DURANTE O SAMAIN 2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:37

Páxina 58 de 59

1962-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: AAAFDD-22564E-3A4ECB-AKB9B5-PD6CQ2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 21708/25 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 25/08/25

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación **21.083,69€**, con IVE de **3.659,15€**

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.2279904 "Plan e actividades de promoción turística" do programa orzamentario do servizo de Turismo.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(794).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

